

## **AER denuncia o bloqueo do goberno local ás persoas con discapacidade na súa liberdade de acceso a Servizos Sociais**

No pleno do 24 de maio de 2016, o PSOE presentaba moción sobre o traslado de Servizos Sociais ao Multiusos da Xunqueira na que, entre os acordos finais constaba un terceiro punto engadido, a proposta de AER, que dicía:

**"3. Que se estude como posible solución provisional ao traslado dos servizos de Servizos Sociais e CIM habilitar e reorganizar o total do espazo da ubicación actual destes servizos, primeira e segunda planta, mentres non atopemos un lugar axeitado para realizar dito traslado de forma definitiva."**

Apróbase por maioría dos/as concelleiros/as, 11 votos a favor (6 do PS de G-PSOE, 4 de AER e 1 do BNG) e 9 en contra do PP.

Este punto **propoñía que Servizos Sociais puideran empregar a totalidade da primeira planta do actual edificio no que se atopan, proporcionando así accesibilidade ao servizo e favorecendo o espazo de traballo, a atención aos usuarios e almacenaxe dos expedientes**, que é totalmente insuficiente só na planta que ocupan actualmente. Unha das aulas desa planta baixa, que xa levaba tempo baleira e sen ningún uso, pasou nese momento con este acordo plenario a ser utilizada por este departamento para atender a usuarios con mobilidade reducida, xa que a segunda planta onde se sitúan actualmente as oficinas principais de Servizos Sociais, conta unicamente con accesos a través de escaleiras e sen ramplas nin accesos directos a nivel da rúa.

Sorprendentemente, **hai uns catro meses, o goberno local obrigou a desaloxar ao departamento de Servizos Sociais desta aula da primeira planta, ou sexa, quedamos sen o único local onde poder atender dignamente a persoas con mobilidade reducida na actualidade.**

A Agrupación de Electores de Redondela ten constancia de que **os Servizos Sociais en casos de atención a persoas con mobilidade reducida, están véndose obrigados a desprazarse**

**xunto cos usuarios ata as dependencias da Casa do Concello**, a uns 100 metros de distancia, para alí tentar facer uso dalgunha das estancias que nese momento poidan estar baleiras e cunha total carencia de intimidade na atención como calquera outro/a usuario/a, empeorando así aínda máis a situación. **O goberno local elimina dun plumazo a accesibilidade dos usuarios ao servizo e a posibilidade de que as traballadoras sociais poidan atendelos no propio edificio, con acceso aos seus expedientes e coa intimidade que require a súa labor diaria e atención aos cidadáns.**

Para a Agrupación de Electores de Redondela esta situación promovida intencionadamente polo goberno local é dobremente vergoñenta: por un lado, pola tremenda desconsideración, falta de respecto, perda de igualdade de oportunidades e privación de liberdade das persoas con mobilidade reducida que precisan asistencia dos Servizos Sociais de Redondela. E por outro, por deixar de cumprir un acordo plenario, asumindo así un claro abandono de funcións e a correspondente falla de respecto a toda a veciñanza representada no pleno.



Dende AER demándase ao goberno local que mentres non se proceda ao traslado definitivo do Departamento de Servizos Sociais, do cal non se proporciona datos concretas de cando acontecerá, nin se nos informa de como van as obras deste traslado nunha total falta de transparencia; se volva dotar a Servizos Sociais, como mínimo, dunha aula na primeira planta no actual edificio cunhas condicións dignas de accesibilidade e liberdade onde poder atender ás persoas. Dicimos como mínimo dunha aula, porque insistimos, a pretensión de AER e dese acordo plenario aprobado por maioría, foi e segue a ser que toda esa primeira planta se habilite para o uso deste servizo, facilitando a accesibilidade por unha banda e por outra, liberando ás traballadoras do amoreamento que sofren dende xa hai anos. Todo isto mentres non se dea ese definitivo

traslado, que como podemos intuír, vai para largo!

A accesibilidade ás estancias de Servizos Sociais non é algo que unha concelleira ou o equipo de goberno poida decidir eliminar, como así o fixeron. Devólvanlle aos usuarios a súa LIBERDADE para acceder a este servizo e cumpran o ACORDO PLENARIO que lles guste ou non, é a súa obriga.

Do mesmo xeito, AER pídelles ao goberno local que cumpra co ordenamento xurídico actual asumindo o cumprimento estrito tanto da *Ley 10/2014, de 3 de diciembre, de accesibilidade (DOG num 241, 17 decembro 2014)* como do *Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de novembro, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley General de derechos de las personas con discapacidad y de su inclusión legal.*

## AER critica un ano máis o retraso nas axudas ás entidades sociais e culturais

**Os días 9 e 10 de agosto publicáronse no BOPPO as bases das axudas do Concello de Redondela para actividades culturais e máis para actividades de promoción da muller e a igualdade.** Porén, aínda quedan diversas bases por publicarse, tales como as de axudas a festivais e as de actividades de participación cidadá. Por outra banda, as axudas a festas convocáronse tan só fai uns días.

Se ben **no pleno do 2 de marzo de 2017 aprobouse por unanimidade que as axudas da Concellería de Cultura e de Participación Cidadá se convoquen nos primeiros meses do ano para que as entidades sen ánimo de lucro poidan coñecer os recursos cos que van contar para a programación das actividades,** o goberno local non é quen de mellorar a súa eficiencia neste senso. Para AER algo tan sinxelo como comezar a traballar nas bases no último trimestre de cada ano para facelas efectivas no primeiro trimestre do ano seguinte, demóstrase imposible para este goberno local do Partido Popular de Redondela. Se ben hai que recoñecer que as bases para actividades culturais pasan de publicarse no mes de novembro, tal como aconteceu o ano pasado, a publicarse no mes de agosto; no que respecta a festivais, festas e participación cidadá as entidades culturais non saben nada ao respecto, xa a piques de comezar o novo curso lectivo.

**AER quere lembrarlle novamente ao goberno**

**local que non se pode gobernar un concello de 30.000 habitantes sen unha boa organización interna, maximizando a eficiencia nos procesos burocráticos e ante todo contando cunha mínima planificación a curto, medio e longo prazo.**

Tampouco resulta de recibo que para cuestións como o Entroido de Verán ou outro tipo de eventos propios se mobilicen tódolos recursos habidos e por haber e cuestións como as axudas a entidades e asociacións vaian quedando postergadas a un segundo plano mes tras mes.



# A concelleira de Benestar Social reconece "o grave colapso existente" en Servizos Sociais, departamento do que é a máxima responsable

Sendo coñecedores dende **AER** que o goberno local pretendía contratar traballadoras sociais para cubrir as ausencias por vacacións de verán, no pasado mes de xullo solicitábase acceso á información relativa a esta cuestión. Unha vez comprobado o expediente, a Agrupación de Electores observa que dende o goberno local deféndese esa contratación en base a, segundo as propias palabras da **Concelleira de Benestar Social**, "que os **Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Redondela se atopan nun estado de grave acumulación de tarefas...**"; ou sexa, reconécese explicitamente a grave situación do departamento, que **dende AER pensamos que é motivado por unha mala xestión política en servizos sociais do goberno do Partido Popular nos últimos anos**. Asume nese mesmo informe, a Concelleira responsable do departamento, que hai unha situación de importante saturación, e textualmente relaciona:

- **Expedientes atrasados e pendentes de tramitación** por parte do persoal técnico dos Servizos Sociais Comunitarios.
- **Saturación da cita previa de ambas Unidades** Interdisciplinares de Intervención Social (UNIS); saturación da lista de espera nas axendas profesionais das traballadoras sociais.
- **Aumento da carga de traballo do departamento**, ambas UNIS sofren un importante incremento da demanda, **sendo cada vez as necesidades da poboación máis extremas e urxentes** e o servizo demandado por unidades familiares normalizadas cuxa incipiente situación de precariedade económica fan precisar dunha dilixente intervención interdisciplinar.
- **Aumento do número de expedientes** xestionados dende este Departamento.
- Tras a aprobación definitiva no Pleno do mes de maio de 2013, e a súa posterior modificación e publicación en xuño de 2016, da Ordenanza municipal de prevención de situacións de emerxencia social do Concello de Redondela, a carga de traballo do departamento incrementouse considerablemente. **A tramitación dos expedientes é consi-**

**derada de carácter urxente polo que se deben realizar as xestións coa maior celeridade posible non debendo transcorrer, con carácter xeral, máis de 30 días naturais** dende a data de rexistro de entrada ata a data da resolución (sempre que non se paralice por causa imputable á persoa solicitante).

**A situación actual do departamento de Servizos Sociais é reconecido polo goberno local como moi grave e, unha vez revisados estes informes, resulta moi preocupante que non se tomen medidas contundentes para solventar esta situación**, máis alá de pequenos parches ao contratar ata o mes de maio a dúas traballadoras sociais mediante bolsa do programa da Deputación, que se atopan en formación, non de asunción de responsabilidades, e unha auxiliar administrativa ata decembro do presente ano.

Unha situación que dista moito de solucionar a grave carencia de persoal, nas diferentes escalas, e recursos con que conta este departamento. **Este mesmo, no informe de xullo reconecía retrasos de cinco (5) meses na tramitación de expedientes e de máis de dous meses na concesión de citas**, atopándose a data do 30-08-2017 cunha espera en citas en Redondela de 8-9 semanas e de 10 semanas en Chapela.

Cabe lembrar que **a lexislación vixente**, do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, **establece que para un concello como o de Redondela con poboación entre 20.000 e 40.000 habitantes, deberíase contar cunha dotación de persoal de 3-5 traballadoras/es, contando na actualidade co mínimo establecido, ou sexa, tres traballadoras sociais**.

Así, dende AER considérase fundamental que o goberno local busque a fórmula para a dotación ao departamento como mínimo dun/ha traballador/a social adicional de xeito permanente, de cara á mellora da resposta ás necesidades sociais da veciñanza de Redondela e á redución das esperas actuais.



## AER critica o retraso de dous meses dos cursos de alfabetización da concellaría de Servizos Sociais

AER ven de constatar que a falta de planificación do goberno local está levando a retrasos importantes nos cursos de alfabetización e da ESA (Educación Secundaria de Adultos), que xa terían que ter comezado o día 1 de setembro. Unha vez máis, o non actuar de xeito planificado e con tempo leva a retrasos na prestación de servizos ofertados polo Concello de Redondela, desta volta en Servizos Sociais.

Por culpa do retraso na contratación, atopámonos con que a mediados de outubro, o curso non está nin licitado, nin contratado, nin en funcionamento; a 23 de outubro estamos

aínda coa apertura do proceso de contratación docente, polo que se pode afirmar que se perde por completo a posibilidade do alumnado de asistir aos exames programados en setembro, sendo en maio a seguinte convocatoria de exames. Por outro lado, a partida para estes cursos tamén se atopa conxelada cando realmente existe unha demanda crecente.

Dende AER vólvese facer fincapé na necesidade de que o goberno local traballe con tempo, planificación previa e non desatenda as súas responsabilidades, e sobre todo, que non desatenda un departamento de tanto peso como é Servizos Sociais.

## AER denuncia a deixadez do Partido Popular coa nova páxina web municipal

No mes de decembro do ano pasado contratouse un "Servizo de desenvolvemento técnico dun Portal Web Corporativo con Intranet de xestión e administración de contidos" por un importe de 7.737,95€; ou sexa, contratouse a renovación da web municipal de Redondela. Este servizo menor tiña un prazo de execución dun mes.

O mes de setembro era o mes anunciado polo goberno local para a presentación da nova web do Concello de Redondela. Nada máis lonxe da realidade, pois xa a mediados de outubro, esta presentación non foi realizada e en realidade pódese afirmar "que non se lle espera en breve".

Tendo constancia dende AER que a estrutura está deseñada e implementada, na actualidade o goberno local non foi quen de dotar de contidos ac-

tualizados e diversos ao portal web para que este poida xa substituír ao anterior. En definitiva, os responsables políticos de cada unha das concellarías que deben aportar información para alimentar esta web non o están facendo, o que amosa unha gran falla de coordinación interna do goberno local por parte do alcalde ao non establecer directrices claras de e cumprir cos prazos establecidos por eles.

Seguiremos pois cunha web pouco operativa, nada atractiva e desactualizada, como é o caso do apartado de turismo, amosando programas e eventos de hai 4 ou 5 anos. Seguiremos, en opinión de AER, co principal recurso na internet que ten o Concello, moi desactualizado, complexo na localización de contidos e sen chegar a ofrecer unha imaxe de Redondela maiúscula.

## Asembleas semanais abertas, ánimo a participar!!! NÓS SOMOS VÓS, XUNTOS DECIDIMOS!

AER segue cos encontros coa veciñanza no Multiusos da Xunqueira, todos os mércores ás 19:30 para escoitar e atender, na medida do posible, as demandas, cuestións e inqedanzas da veciñanza. Ademais, ao ser de acceso libre, aqueles veciños/as que asistan, poderán aportar aos debates, enriquecendo estes e colaborando co presente e futuro do noso concello.



Síguenos en



facebook.com/AERedondela



twitter.com/AER\_Redondela

Correo electrónico: info@aeredondela.com

www.aeredondela.com

BOLETIN Nº49  
23 outubro 2017